

Miles de persoas mobilizáronse con CCOO polo emprego

■ O acto central do Día da Clase Obreira Galega reuniu en Ferrol a case 3.500 manifestantes

Ao redor de 3.500 persoas manifestáronse en Ferrol con CCOO no Día da Clase Obreira Galega baixo o lema «Mellorar o emprego, fortalecer o benestar».

No manifesto difundido con motivo desta data, CCOO lembraba que a actual situación de crise económica e institucional que viven Galicia e o conxunto do estado «ofrece unhas cifras detrás das cales se topan os dramas particulares de moitas persoas». E é que neste último ano o PIB galego caeu un 3% e destruíuse emprego en todos os sectores, especialmente na industria e na construción.

A taxa de temporalidade reduciuse en catro puntos ata situarse no 25,8%, principalmente pola vía do axuste do persoal eventual. Por outra parte, os expedientes de regulación de emprego multiplicáronse por tres no último ano e as-



Na imaxe, pancarta de cabeceira na manifestación que CCOO convocou en Ferrol

cenderon a 21.000 as traballadoras e traballadores afectados por suspensión de contrato. Ademais, das 234.000 persoas sen traballo que hai actualmente en Galicia, o 38% carecen de calquera tipo de axuda pública. Para intentar responder á situación, impulsouse en Galicia un proceso de diálogo social no que CCOO está a realizar xa numerosas achegas.

Outros actos

Ademais da manifestación central, Comisións protagonizou outros actos para conmemorar o Día da Clase Obreira Galega. Os máis salientables foron o descubrimento da placas da Rúa 10 de Marzo (Vigo) e da Praza Manuel Amor Deus (Ferrol), así como a entrega dos Premios 10 de Marzo en Santiago de Compostela. / Páxs. 4-5

UNHA DENUNCIA DE FECOMA-CCOO LOGRA QUE UN EMPRESARIO SEXA XULGADO POR EXPLOTACIÓN

Unha denuncia realizada pola Federación da Construción e da Madeira de Comisións Obreiras de Galicia (FECOMA-CCOO) provoca que sexa xul-

gado en Lugo un construtor acusado de explotar sete obreiros que non tiñan a documentación en regra. A situación de explotación chegaba ao

punto de que algún dos operarios tiña que ir os sábados «alimentar os cabalos do empresario», e mesmo nun caso chegou a «ocultar un accidente de traballo no que un obreiro acabou coas costelas rotas e sen cobrar durante o tempo que estivo de baixa». / Páx. 7

■ CARTA DO SECRETARIO XERAL



XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ AGUIÓN

MELLORAR O EMPREGO, FORTALECER O BENESTAR

O 10 de Marzo é un día de reivindicación, pero tamén de celebración. No Día da Clase Obreira Galega, CCOO lembra a coraxe de quen en 1972 loitaban en Ferrol polos seus dereitos e polos de todas e todos nós. Trátase de lembrar uns feitos que supuxeron un antes e un despois no sindicalismo galego.

CCOO estaba alí, en primeira liña, defendendo o dereito á negociación colectiva dos traballadores e da traballadoras. Un dereito substancial aos dereitos laborais e sociais que implicaba a liquidación da ditadura. Xa daquela, a loita por uns salarios dignos e unhas condi-

cións laborais decentes non se podía dissociar da loita polas liberdades e a democracia.

CCOO está aquí, en primeira liña, defendendo única e exclusivamente os dereitos dos traballadores e das traballadoras, dentro e fóra da empresa. Porque a negociación colectiva segue a ser un instrumento de mellora das condicións laborais e vitais da clase traballadora. Porque ninguén perde a súa condición de traballadora ou traballador cando acaba a súa xornada. Porque os dereitos sociais e a redistribución da riqueza son factores esenciais que defenderemos sempre. Loitar por eles é loitar pola clase obreira deste país.

As reivindicacións de CCOO

Por estas razóns, atoparannos na loita por un sistema de pensións

forte e sólido do que non quede excluído ningunha persoa traballadora; na loita pola defensa dun mercado laboral xusto e garantista; na loita pola creación e defensa emprego de calidade e con dereitos; na loita pola igualdade real entre homes e mulleres; na loita polos dereitos e a saúde dos traballadores e traballadoras; na loita por un diálogo social en Galicia que supoña melloras tanxibles para os galegos e as galegas; na loita por un modelo produtivo baseado no valor dos bens e servizos e non no aforro dos custos laborais; na loita polo dereito a falar galego e polo deber da Xunta de asegurar o seu coñecemento e uso; na loita por uns servizos públicos de calidade que aseguren e potencien o benestar de todos e todas; na loita pola persecución da explotación e da fraude que castiga os traballadores e traballadoras, debilitando o estado de benestar; na loita por unha Europa social na que os mecanismos de redistribución da riqueza e de defensa dos dereitos primen por riba dos intereses das grandes multinacionais; na loita por un mundo onde as persoas ocupen o primeiro lugar, onde defender os dereitos laborais e sociais non sexa delito nin sexa motivo de persecución ou represalia.

Esta loita darémola na negociación colectiva, no diálogo social e na rúa. As nosas armas e os nosos valores son a **solidariedade**, a **xenerosidade** e o **compromiso**. Así eramos en 1972. Así somos en 2010.



Monumento en Ferrol dedicado á memoria de Amador Rey e Daniel Niebla

Folga o día 25 en Vigo en defensa da sanidade pública

■ Haberá tamén unha manifestación que partirá ás 20 horas do cruzamento da Vía Norte con Urzáiz

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública, as centrais sindicais e a xunta de persoal da área sanitaria de Vigo, volverán a mobilizarse en defensa do carácter público do servizo galego de saúde.

Após as mobilizacións de febreiro e de comezos de marzo, para o día 25 deste mes está convocada unha xornada de folga en toda a área sanitaria viguesa.

Ademais, ás 20 horas partirá unha manifestación do cruzamento das vixas Vía Norte con Urzáiz.

CCOO e outras organizacións esixen que o novo hospital de Vigo sexa

financiado e xestionado con fondos públicos, garantindo así unha asistencia sanitaria de calidade. No que vai de mes houbo asembleas, conferencias de prensa, paros, concentracións, peches e mesmo unha cadea humana.

Desde a Federación de Sanidade lémbralle á Xunta que «a sanidade pública en Vigo non está en venda», polo que non van admitir que se «hipotequen



Concentración de persoal sanitario o pasado 9 de marzo

ou mercantilizen» tanto os recursos materiais como humanos do servizo público.

CCOO en clave de igualdade



Mabel Pérez Simal nun fotograma do vídeo

No canal de Youtube do Sindicato Nacional de CCoo (www.youtube.com/snccoo) poden acceder ao vídeo «CCoo, en clave de igualdade», realizado pola Secretaría da Muller do sindicato con motivo do Día Internacional da Muller, que tivo lugar o pasado 8 de marzo.

Dereito á subrogación en Alcampo



Concentración no Alcampo de Área Central (Santiago de Compostela) polo dereito á subrogación do persoal de limpeza

Así celebrou CCOO o Día da Clase Obreira Galega

■ Alén da manifestación central houbo máis actos, como a inauguración da Rúa 10 de Marzo en Vigo, da Praza Manuel Amor Deus en Ferrol ou a entrega dos Premios 10 de Marzo

O Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CCOO) e a súa Fundación 10 de Marzo (F10M) entregaron o pasado día 13 os Premios 10 de Marzo nun acto que tivo lugar no mosteiro de San Martiño Pinario, en Santiago de Compostela.

Este ano foron galardoados Xesús Díaz Díaz, Consuelo 'Chelo' López Villaverde, José Fernández Liste, Juan Benavides e, a título póstumo, Constantino Trillo.

4

Perfis biográficos

— **Xesús Díaz Díaz.** Comezou a súa vida laboral aos catorce anos como aprendiz en ASTANO, e alí entrou en contacto coas CCOO. Ocupou cargos de responsabilidade en distintas estruturas do sindicato, chegando a ser secretario xeral entre

1988 e 2000. Na súa etapa puxéronse os alicerces da Fundación Paz e Solidariedade, dos CITE, de Forem e da Fundación 10 de Marzo. Ao tempo, instituíronse os Premios 10 de Marzo e o Parlamento recoñeceu esta data como Día da Clase Obreira Galega.

— **Consuelo López Villaverde, Chelo.** Foi delegada durante trinta anos no comité da súa empresa e protagonista da creación da Federación Galega de Químicas. Na súa traxectoria destacan a loita polas liberdades sindical e sexual, e o traballo realizado pola redución horaria das xornadas. O seu incuestionable compromiso valeulle estar na lista de persoas «eliminables» para os golpistas do 23-F.

— **José Fernández Liste.** Comezou

a actividade sindical en 1971 representando o persoal de Telefónica en Vilagarcía de Arousa, máis tarde na Comisión Delegada Provincial e en 1974 en Santiago de Compostela. Coa legalización de CCOO, entre 1978 e 1995 foi elixido sempre para representar as traballadoras e traballadores da comarca compostelá. Tan eficaz foi o seu labor que máis do 60% se afiliaron ao sindicato.

— **Juan Benavides.** No ano 1969, Juan Benavides, militante na clandestinidade de CCOO en Vigo, reivindicou a mellora de salarios e a redución da xornada laboral; tamén pretende consolidar a organización do sindicato. O 30 de abril dese ano detívono e méteno na cadea durante tres semanas sen garantías xudiciais. O 27 de setembro de 1972, ao amenecer, os *grises* fórono buscar á casa. Detivérono e déronlle unha brutal malleira, pero non delatou ninguén.

— **Constantino Trillo.** Participou ao longo dos anos na dirección comarcal de Ensino da Coruña e nos primeiros consellos federais, sendo leal, crítico e coherente coa organización. Nos últimos anos representou o sindicato no Consello Escolar, pondo sempre o seu prestixio persoal ao servizo de CCOO e do ensino público. Faleceu no verán de 2009.

Praza Manuel Amor Deus

Ademais, no Día da Clase Obreira Galega, a cidade de Ferrol dedicoulle unha praza a un dos seus máis ilus-



Na imaxe, entrega dos Premios 10 de Marzo



Detalle da placa situada na Rúa 10 de Marzo, en Vigo

tres veciños, Manuel Amor Deus, primeiro secretario xeral do Sindicato Nacional de CCOO, falecido no verán de 2007.

Ao acto institucional asistiron o alcalde de Ferrol, o socialista Vicente Irisarri, e os voceiros do resto de grupos políticos da corporación municipal, así como representantes dos sindicatos UGT e USTG.

En representación de CCOO interveu o secretario xeral confederal, Ignacio Fernández Toxo, quen estivo acompañado polo secretario xeral do Sindicato Nacional, Xosé Manuel Sánchez Aguión, e polo secretario xeral da Unión Comarcal de Ferrol, Xulio Abelleira.

Germán Amor, fillo do homenaxeado

e arroupado por preto de trescentas persoas, foi o encargado de descubrir a placa, colocada sobre un molonito, e que reza: «O Concello de Ferrol acordou, en sesión plenaria celebrada o 25 de febreiro de 2010,

nomear este lugar como Praza Manuel Amor Deus en homenaxe a un traballador e sindicalista na procura de xustiza e igualdade, loitador antifascista, comunista de convicción e soñador dun porvir emancipado».

Rúa 10 de Marzo

Outro dos actos sinalados desta data foi o descubrimento da placa da Rúa 10 de Marzo en Vigo. Unha representación do sindicato participou no acto para colocar un ramo de flores e lembrar os motivos polos que se impulsou a dedicatoria. A Cidade Olívica súmase á lista de vilas e cidades de Galicia con lugares públicos dedicados ao 10 de Marzo.

CCOO lamenta que no Día da Clase Obreira haxa quen prefira expresarse mediante a violencia

5



Placa da Praza Manuel Amor Deus



Na madrugada do 10 de Marzo, as sedes de CCOO e de UGT no Porriño foron atacadas con cócteles molotov. O Sindicato Nacional emitiu un comunicado condenando que, nunha data tan sinalada «haxa

quen prefira recorrer aos métodos violentos como forma de expresión en lugar de utilizar as vías pacíficas e democráticas que tanto nos custou lograr e que, precisamente, lembramos cada 10 de Marzo».

■ Alejandro Roa e Sindo Cancelo, responsables de Seguridade Privada de CCOO de Galicia

«Cobramos salarios terciromundistas e a situación laboral é precaria»

Despois de un ano e tres meses sen convenio, o colectivo de vixilantes de seguridade volve ás mobilizacións e aos actos reivindicativos pola defensa dos seus dereitos e de un convenio digno para eles e para as súas familias. Alejandro Roa e Sindo Cancelo, responsables de Seguridade Privada de CCOO nas zonas norte e sur respectivamente, dannos as claves do conflito.

Pregunta: Por que se está a mobilizar a seguridade privada?

6 Resposta: O Convenio Colectivo Estatal de Empresas de Seguridade Privada tiña vixencia de 2005 a 2008. Unha vez finalizado, a patronal do sector escudouse o ano pasado na actual crise económica para negarse a negociar un novo convenio cunhas condicións dignas. Os beneficios da patronal durante os últimos anos foron cuantiosos e non se xustifica a actitude de negarse a negociar unhas condicións laborais para un sector que dá traballo a 100.000 persoas en todo o territorio español.

Os datos extraídos da Asociación Profesional de Compañías Privadas de Servizos de Seguridade revelan que en 2005 a facturación total do sector creceu pouco máis do 5%, achegándose aos 3.000 millóns de euros; en 2006, a facturación media do sector medrou un 6,87% respecto do exercicio anterior, situándose en algo máis de 3.123 millóns; en 2007 incrementouse un 6,93%, en total 3.579 millóns.

Disto temos como conclusión que a



O persoal de seguridade privada continuará mobilizándose por unhas condicións dignas

realidade económica non é a que as empresas nos pretenden facer crer, e aos clientes mesmo lles aplicaron subas para aumentar os cuantiosos beneficios ao tempo que mantiveron conxelados os salarios dos traballadores, pois ofrecéronnos un convenio para catro anos cunha suba total do 2% neste período.

P: Que accións reivindicativas realizaredes?

R: Xa pechamos un novo calendario de mobilizacións. Durante 2009 realizamos moitas accións reivindicativas en Galicia e no resto de España, tales como manifestacións, doazóns de sangue ou envío de comunicados aos clientes explicándolles a situación. O colectivo sempre mostrou o seu respecto pola sociedade cada vez que expuxo as súas reivindicacións, medindo moito non afectar gravemente a cidadanía. Porén, a patronal ignora siste-

maticamente a necesidade de pechar un acordo, co que só nos deixan a vía de endurecer as accións para dignificar a profesión e o sustento de 100.000 traballadores e das súas familias.

P: Os salarios dos vixiantes de seguridade están ao nivel das súas funcións?

R: Rotundamente non. No convenio, o salario total bruto é de 1.035,45 € ao mes. Haberá quen pense que é adecuado, pero se consideramos que se traballa case todas as fins de semana, os festivos, que se realizan quendas de noite, que en moitos centros de traballo hai riscos importantes... podemos afirmar que este salario é terciromundista. Ademais, o convenio carece dunha normativa que fixe os períodos de descanso, as quendas de traballo, as prexubilacións ou as enfermidades profesionais, polo que a situación laboral é precaria.

Xulgado por explotar inmigrantes

Unha denuncia realizada da Federación da Construción e da Madeira de Comisións Obreiras de Galicia (FECOMA-CCOO) provoca que sexa xulgado en Lugo un construtor acusado de explotar seis obreiros uruguaios e un brasileiro que non tiñan a documentación en regra. Carecían de contrato e non estaban dados de alta na Seguridade Social.

Desde FECOMA-CCOO sinalan que o empresario se aproveitou da «situación de necesidade» destas persoas, obrigándoas a facer como mínimo 45 horas semanais polas cales cobraban entre 600 e 800 euros. Ademais, no caso de se presentar un inspector, «tiñan instrucións para se agocharen ou daren un nome falso», sinalan desde o sindicato.

A Fiscalía pide para o construtor unha pena de dous anos de prisión, mentres que a acusación particular esixe seis.

Críticas de CCOO a Educación

A Federación do Ensino de CCOO considera «inadmisíbel» a postura da Consellaría de Educación, con minguas e atrasos nos ingresos para os centros nun momento en que «soben os gastos». Como exemplo sinalan os derivados da adquisición e mantemento de equipamentos informáticos, «que chegan novos cada curso e a Consellaría non os asume». Ademais, o sindicato rexeita que a Xunta vaia tardar polo menos tres semanas en realizar o pagamento dos gastos de funcionamento.

Para a organización sindical, a Consellaría carga de presións innecesarias a burocracia dos centros educativos en lugar de facilitar o traballo dos equipos directivos. Por este motivo, instan a Administración educativa a que «rompa de maneira inmediata esta sucesión de atrancos no normal desenvolvemento da dinámica dos centros».

CCOO esixe que se manteña o labor realizado polo SGI

7

■ O sindicato estará «vixiante» para comprobar que non hai retrocesos en políticas de igualdade

Após estudar o anteproxecto de lei polo que se suprime o Servizo Galego de Igualdade (SGI), CCOO advirte do perigo de retroceso nas políticas que se viñan realizando na promoción da igualdade de mulleres e homes.

Esta mesma semana, a secretaria da Muller do sindicato, Mabel Pérez, fíxolle chegar estas inquedanzas á secretaria xeral de Igualdade da

Xunta de Galicia, Marta González. A representante do Goberno galego aduciu que a supresión do SGI se fará no marco dun «proceso de racionalización de estruturas administrativas», pois entenden que existe duplicidade de funcións entre o organismo autónomo e a propia Secretaría Xeral.

Desde CCOO apuntouse que a supresión do SGI non pode realizarse

en detrimento do servizo que se viña prestando, e insistiuse en que se deben «manter e reforzar» as políticas en materia de atención ás mulleres vítimas de violencia, asistencia xurídica ou programas asistenciais.

Tamén se lle trasladou a Marta González a esixencia de que a súa Secretaría Xeral non desatenda ningunha das funcións que viña realizando o SGI.



VISITA

wiki.foremgalicia.eu

E COÑECE OS CURSOS QUE OFERTAMOS!



■ Ramiro Otero, secretario xeral da Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO de Galicia

«No acordo das instalacións deportivas hai un importante incremento salarial»

O pasado 8 de marzo asinouse o preacordo que pon fin ás mobilizacións do persoal das instalacións deportivas de Galicia. Falamos con Ramiro Otero, secretario xeral da Federación de Servizos á Cidadanía, para que nos explicase as claves tanto do conflito como do pacto ao que se chegou.

Galicia Sindical: Ramiro, cres que agora co asinamento da acta de preacordo e suspensión da folga indefinida, se asinará o convenio?

Ramiro Otero: Penso que xa non hai motivos para que este mes non sexa unha realidade o primeiro convenio colectivo de Galicia para o persoal das instalacións deportivas.

G. S.: Que pasou para que a folga se prolongase durante 38 días?

R. O.: Penso que foi unha combinación de distintos factores. Por un lado, unha patronal pouco experta que se constituíu para a negociación. En segundo lugar, a diferenza salarial existente entre as distintas empresas e a necesidade de converxer unida á incerteza sobre o mantemento das condicións persoais que algúns traballadores e traballadoras tiñan. Por último, a postura da CIG de defender só os intereses das persoas que representaban.

G. S.: Cales son as bases do acordo asinado o 8 de marzo?

R. O.: A converxencia salarial que permite un incremento importante nas empresas con salarios máis baixos ao tempo que garante os salarios nas que tiñan condicións superiores. Tamén cómpre destacar a redución da xornada e a conversión de emprego estrutural de carácter eventual en emprego indefinido.

G. S.: De que incremento salarial estamos falando?

R. O.: Hai que lembrar que falamos dun convenio

de converxencia onde había traballadores e traballadoras con salarios por baixo das táboas salariais acordadas e outros por riba. Ás persoas que tiñan salarios inferiores, para os tres anos de vixencia do convenio (2010-2012) haberá un incremento que se move nun abano do 20% ao 30% segundo os grupos profesionais. Para as persoas que tiñan salarios superiores, as táboas acordadas manterán os seus niveis salariais, sempre garantindo a diferenza nun complemento *ad personam* que terá un incremento económico para cada ano equivalente a unha porcentaxe da suba anual pactada e que varía en función dos ingresos e categorías.



Ramiro Otero, secretario xeral de FSC de Galicia

G. S.: Consideras que as administracións públicas pecaron de deixamento de funcións neste conflito?

R. O.: Penso que si. Non debemos esquecer que estamos a falar dun servizo público que as diferentes administracións teñen externalizado, e non se preocuparon nin de garantir a prestación do servizo á cidadanía nin obrigaron as empresas concesionarias a cumprir os pregos das concesións.

Con todo, é necesario recoñecer o esforzo do Consello Galego de Relacións Laborais, personificado no seu presidente, sen o cal non sería posible a consecución do acordo.

Se queres coñecernos, consulta cal é o local de CCOO máis próximo... ou visita www.galicia.ccoo.es